

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

## **CARPINTERIA DE RIBEIRA, PATRIMONIO FLOTANTE E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

Ata este intre, consideramos a construción naval en madeira como elemento importante do negocio marítimo, que continúa a ofertar un servizo insubstituíble ás actividades marítimas do noso país. Hai, non obstante, outro enfoque complementario da carpintería de ribeira vencellado á persistencia dun oficio artesanal de indubidable relevancia identitaria, cuxa desaparición afectaría non só ao conxunto da nosa cultura e patrimonio marítimo mais tamén á conservación das múltiples identidades locais propias da diversidade característica da na nosa beiramar. Esta continuidade do oficio ten, asemade, unha importante repercusión no desenvolvemento económico de certas localidades costeiras, xa que utiliza materias primas de carácter local, xera emprego neste ámbito e, mesmo, pode dinamizar o turismo activo de carácter cultural en determinadas vilas mariñeiras.

Comezando polo primeiro aspecto, a consideración patrimonial da carpintería de ribeira, pódese contemplar desde, cando menos, tres perspectivas:

- a) O propio oficio en si mesmo, as súas técnicas, os seus saberes, todo elo incluído no que se ten chamado "cultura inmaterial", a carón das ferramentas de procedencia tradicional que utiliza o utilizaba e a súa evolución, encadradas no seu conxunto dentro do patrimonio etnográfico no apartado de mobiliario.
- b) Os inmobles dos que se serve para levar a cabo a actividade de construír buques en madeira maciza, integrados no patrimonio inmobiliario e que no noso país toman a denominación de "pendellos". Estas instalacións son inseparables do "sitio" no que están emprazadas, e polo tanto do patrimonio natural dos respectivos espazos costeiros.

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

- c) A navegación tradicional ou antiga, o que os franceses denominan “naviguer autrement”, realizada nos barcos de interese patrimonial conservados, rehabilitados ou construídas as súas réplicas nos establecementos de carpintería de ribeira, e que constituen na actualidade un importante fondo de actividade para os mesmos.

No que atingue ao primeiro apartado, en Galicia contrariamente ao que acontece noutros territorios do Estado español, caso de Andalucía, o oficio de carpinteiro de ribeira carece de protección dentro das normativas que afectan á conservación do patrimonio. A preservación do oficio queda, así, circunscrita á propia continuidade do mesmo como “negocio”, nun momento de fonda crise da actividade no que en certas zonas (o Cantábrico galego, sen ir máis lonxe) córrese o risco de que a transmisión xeracional dos coñecementos se interrumpa. Ademáis, aínda que o papel das institucións museísticas relacionadas co mundo do mar pode ser decisivo na conservación do oficio á marxe dos avatares das actividades marítimas, na práctica ningunha das propostas actuais apostaron máis alá da recuperación, conservación e exposición do utillaxe propio das carpinterías de ribeira. No futuro, non obstante, cabería agardar que este panorama mudase de maneira substancial, pois o Museo do Mar de Galicia contempla no seu proxecto museográfico a instalación dun pequeno obradoiro de carpintería de ribeira cuxas funcións serían:

- Conservar e rehabilitar a colección de barcos tradicionais do Museo, en seco e a flote.
- Ofertar servizos ás asociacións vencelladas á recuperación e conservación do patrimonio flotante na contorna.
- Investigar sobre as diversas tipoloxías de embarcacións e as súas modalidades de navegación.

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

Estas instalaciones, ás que se prevía un uso compartido con diversos interlocutores sociais, servirían, así mesmo, para popularizar a profesión de carpinteiro de ribeira e dinamizar ao propio Museo, pois se pretendía que o traballo no obradoiro se realizara cara ao público visitante. En calquera caso, compre un esforzo por parte da Consellería de Cultura, de quen depende na actualidade o Museo, para que estas perspectivas se concreten e sexan algo máis que un proxecto. Algo semellante estaba previsto no recentemente aberto "Museo de la Construcción Naval" emprazado no Arsenal de O Ferrol, coa destacada participación da Armada, o Colexio de Enxeñeiros Navais e o Departamento de Enxeñería Naval da Universidade de A Coruña, sen que a día de hoxe nada diso se plasmara na práctica. Tamén cabería a posibilidade de que algúns dos numerosos pequenos museos locais relacionados co mar proxectados en diversas vilas do litoral, prestasen atención a este tipo de propostas contando co pulo e a colaboración do ricaz tecido asociativo que leva anos traballando na recuperación do patrimonio marítimo de Galicia. Neste caso, chamamos a atención respecto das posibilidades que se abren ben no Grove, onde é máis que probable que a curto prazo unha carpintería de ribeira de Meloxo deixe de traballar por xubilación do seu titular e as súas instalacións ben puideran servir de complemento dinamizador para o Centro de Interpretación da Pesca e da Salga emprazado en Moreiras, ben na vila de Rianxo, de notable tradición constructora e na que se pretende instalar un museo a flote das múltiples embarcacións tradicionais galegas no vello porto de Setefogas.

Tampouco se debe esquecer o positivo papel que na preservación da profesión tiveron e están a ter os únicos centros formativos que funcionan na actualidade: o Centro Formativo "A Aixola" xestionada polo CETMAR e dependente da Consellería de Pesca, xunto coa Escola Obradoiro "Mar de Vigo", impulsada polo Concello de Vigo e cofinanciada pola Consellería de Traballo, que ven de rematar a súa terceira singradura. Logo falaremos delas outra volta cando abordemos o aspecto da aportación da construción naval en madeira ao

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

desenvolvemento local. Ao relatado, cabería engadir tamén os campos de traballo dirixidos á mocidade e organizados conxuntamente dende o verán do ano 2006 pola Asociación "Sueste" de Moaña e a Consellería de Vicepresidencia, tomando como eixo central a iniciación á carpintería de ribeira impartida por un mestre xa xubilado moi apreciado na bisbarra: o sr. Victorio Santomé.

Ao cabo, cabe concluír que, fora do devandito, a Administración galega non impulsou proposta algunha de envergadura que conciliase a protección e transmisión dos saberes e técnicas do oficio de carpinteiro de ribeira, coa necesidade de conservar e recuperar o patrimonio flotante, tal e como acontece noutros países europeos caso de Noruega, onde os dous Centros Nacionais de Preservación de Flota de Hardanger e Gratangen levan a cabo unha impresionante laboura de recuperación de distintos tipos de embarcacións de madeira, algunhas de grande tamaño, contando nalgunha medida con financiamento público.

Ate os anos 60 do século XX, as carpinterías de ribeira, servíronse para a súa actividade dunhas humildes construcións en pedra e madeira chamadas "pendellos", situadas na súa totalidade na liña de costa, en ocasións en lugares de grande valor paisaxístico e medioambiental. Unha somera relación destas construcións, algunhas delas aínda en activo caso de San Cibrao (Lugo) ou Domaio (Pontevedra), daría o resultado de que no litoral galego unha vintena delas seguen en pé con diversos grados de conservación. Arestora, estas instalacións non están inventariadas e carecen de calquera protección normativa tanto na actual Lei de Patrimonio como nos respectivos PXOM locais, co agravante de que bastantes delas están ameazadas pola construción de paseos marítimos ou outras actuacións urbanísticas, sen que a penas existan plans de reutilización con fins culturais que contemplan así mesmo a continuidade da profesión, tal e como se está a facer noutros lugares de Europa, caso do Chantier de Tramasset, ubicado na área de Burdeos e o Chantier de la Plagette, en Sète, perto de Marsella.

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

Esta falta de sensibilidad, revela un problema social en torno ao que se considera patrimonio, moitas veces identificado tan só con obxectos ou edificios de grande valor estético ou económico, caso do patrimonio relixioso, mentres se menosprezan as humildes construcións dos oficios artesáns. De feito, en Bueu a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos", está a levar a cabo en medio da indiferencia dos poderes públicos locais e autonómicos unha campaña a prol da rehabilitación, ao abeiro dalgún tipo de protección normativa, dun antigo pendello situado na Banda do Río e a pouca distancia duns dos principais museos marítimos de Galicia, o Museo Massó, para ser reutilizado como complemento dinamizador da súa proposta museística. Para elo, propoñen realizar labores de mantemento e rehabilitación de embarcacións de interese patrimonial así como a construción de réplicas no "pendello", todo baixo a supervisión do Museo, de maneira que os visitantes poidan apreciar en vivo as técnicas e os materiais empregados na construción naval tradicional e valorar a continuidade do oficio. En calquera caso, cabe insistir en que non paga a pena restaurar e conservar un inmovible destas características, se non se lle dá a continuación un uso que sexa de interese para a comunidade.

Capítulo aparte nas angueiras de recuperación do patrimonio marítimo galego é a intensa laboura de rehabilitación e recuperación das embarcacións de interese patrimonial, levado a cabo desde fins da década dos 80 e sostido no tempo, quer polas sucesivas Escolas Obradoiro de Carpintería de Ribeira que funcionaron dende aquela no litoral galego ("A Aixola" en Estribela-Marín, "Xeiteira" en Rianxo, as tres fases de la Escola "Mar de Vigo"), quer por algunha empresa de turismo náutico e, sobre todo, por un asociacionismo sociocultural composto por máis de 40 colectivos incorporado maiormente na Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que conta desde hai anos cunha pequena pero eficaz axuda da Consellería de Pesca e da Deputación de Pontevedra. A día de hoxe máis de 150 barcos de diversos tamaños e tipoloxías, foron restaurados ou recuperados mediante réplicas

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

por este tecido asociativo e empresarial, que aporta a múltiples carpinterías de ribeira unha nada desdeñable carga de traballo nun intre de crise.

Malia o referido dinamismo, a práctica da navegación nas embarcacións de interese patrimonial con finalidades culturais, deportivas ou de lecer, e a propia xestión deste tipo barcos, enfrontase cunha problemática adversa que pode limitar o seu desenvolvemento no futuro, privando á construción naval en madeira dun fondo de actividade en absoluto desprezable:

- En Galicia non existe un inventario de patrimonio flotante que, en base a criterios obxectivos, axude a determinar distintos grados de protección ás diversas embarcacións de interese patrimonial e, en consecuencia, permita regular ben unha participación da Administración financiando parcialmente a rehabilitación e mantemento das embarcacións declaradas BIC, ben unha discriminación positiva en materia de amarres, impostos ou seguros a outro tipo de embarcacións de interese patrimonial catalogadas e etiquetadas; un trato diferencial que se xustifica polos maiores custos que deben enfrontar os seus propietarios para conservar a autenticidade da embarcación. Con todo, semella que a situación mudará en breve, pois a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura decidiu levar a cabo o devandito inventario no ano 2009, abríndose, así mesmo, a posibilidade futura de diversas formas de protección e apoio á xestión das embarcacións de interese patrimonial.
- Segundo as directivas comunitarias e a súa transposición ao Estado español mediante a Circular 7/95 da Dirección General de la Marina Mercante, a estas embarcacións de interese patrimonial cuxa fiabilidade está probada sobradamente no mar, se lles aplicará a mesma normativa de seguridade que aos barcos de recreo convencionais derivados de prototipos actuais e deseñados por arquitectos navais. Aínda que existe un alto grao de discrecionalidade na actuación das Capitanías Marítimas neste eido

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

(nalgunhas, por exemplo, o requisito da proba de estabilidade adaptase ás características especiais deste tipo de barcos), isto pode provocar, amais do incremento de gastos asociados á construción, ben a necesidade realizar cambios estruturais na embarcación en cuestión (co que sufrirá o seu valor patrimonial), ben a ilegalidade da mesma de non levarse a cabo as modificacións. A temática excede, evidentemente, o ámbito galego e español e afecta aos distintos organismos europeos que velan pola recuperación de patrimonio flotante como o European Maritime Heritage, que hai anos tenta levar a cabo unha negociación coas instancias da UE, para que a necesaria esixencia de seguridade nos barcos de interese patrimonial non leve de seu a perda da súa identidade.

- Tamén proveñen das directrices comunitarias tendentes á redución do esforzo pesqueiro, as trabas existentes para a reutilización con fins turístico-culturais de antigos pesqueiros que deixaron de faenar e que para posibilitar unha nova construción ou para cobrar a prima de despece, os seus propietarios deberán retirarlos definitivamente da navegación. Este feito está a perxudicar gravemente non só a salvagarda de numerosos barcos de pesca construídos nos anos 70 e cuxas formas estanse a perder, mais tamén o desenvolvemento de pequenas empresas de navegación adicadas a un turismo de raiceiras culturais e medioambientais, tal e como aconteceu noutros países nórdicos como Holanda ou Noruega. En calquera caso, as directrices do Fondo Europeo de Pesca posibilitan unha saída a esta problemática, pois ao seu abeiro é posíbel rehabilitar barcos pertencentes á 3ª Lista (e mesmo acadar axudas para iso) sen que ao seu propietario se lle prive de cobrar a devandita prima, sempre e cando este tipo de actuacións as leven a cabo organismos “públicos ou semipúblicos” cunha finalidade sociocultural. É unha vía que deberemos explorar no futuro.

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

Enfocada no seu conxunto, a problemática mencionada pode afectar non só ao labor dos particulares, concellos, empresas, asociacións e organismos culturais activos canto á recuperación do patrimonio marítimo e á propia conservación do mesmo, senón á construción naval en madeira á que se lle privaría dunha demanda de produtos canto a rehabilitacións, construción de réplicas e mantemento, que non deixou de medrar nos últimos anos á par doutros países europeos e americanos .

### **Carpintería de ribeira e desenvolvemento local**

Contrariamente ao que acontece noutras zonas do Estado español (País Vasco, por exemplo) e países veciños (Francia), agás contadas excepcións os Concellos e outros entes comarcais ou provinciais impulsaron en Galicia proxectos de desenvolvemento local, que contemplasen a continuidade do oficio artesanal de carpinteiro de ribeira entendida como actividade xeradora de riqueza, activadora dos recursos locais e promotora da inserción laboral e do autoemprego. A este respecto, tan só se poderían mencionar a frustrada experiencia da Escola Obradoiro "Xeiteira" de Rianxo e a meritoria continuidade da Escola Obradoiro "Mar de Vigo" dende o ano 2000, lastradas ambas por un ineficaz sistema de recrutamento de persoas con problemas de inserción laboral e a pequena duración dos ciclos (18 meses), que non permite afianzar as habelencias nin planificar axeitadamente os programas formativos, nin tampouco asentar a relación coas empresas do sector. Con todo, se ben o balance no aspecto da inserción laboral é modesto, a experiencia está a ser moi positiva no eido da valoración social das actividades de construción naval en madeira e na propia recuperación de embarcacións de interese patrimonial.

Tampouco chegaron a bo porto por falla de interese do Concello da Illa de Arousa as perspectivas abertas da próxima apertura dun Taller de Emprego especializado na carpintería de ribeira, e que houbera atopado un referente inmejorable na Escola de Navegación

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

Tradicional creada pola veterana Asociación Cultural “Dorna” daquela localidade. Mágoa, porque sería un bo exemplo a estender a outras poboacións costeiras da Ría de Arousa como Rianxo, O Grove, ou Aguiño, localidades nas que non resultaría descabellado incorporar un enfoque sostible a este tipo de iniciativas, promovendo a creación dalgún pequeno taller artesanal orientado á construción dunha embarcación tan solicitada, polas súas prestacións náuticas, fermosa fasquía e baixo custo, como a dorna. A demanda que hai arestora destas embarcacións é importante (hai pedidos mesmo de fora de Galicia), tanto no que atingue ás novas construcións como ás de segunda man, e a penas está cuberta polas dúas pequenas carpinterías que traballan en Aguiño e A Illa de Arousa, co agravante de que a xubilación de ambos artesáns está próxima e córrese o perigo de perder a medio prazo as técnicas de construción en tingladillo propias da dorna. E algo semellante poderíase aplicar á Ría de Muros e Noia, de grande sona na construción naval, onde unha pequena embarcación tradicional como a buceta ou “canao” xogaríase un papel semellante, aínda que sexa menos coñecida fora daquela bisbarra. Neste aspecto, os respectivos axuntamentos, fundacións comarcais, deputacións e determinadas Consellerías da Xunta de Galicia, terían moito que dicir.

Dende logo, chama a atención habida conta da abundancia de recursos asociativos, instalacións, embarcacións, posibilidades da navegación tradicional, etc., sen esquecer a existencia de profesionais de probada capacitación en activo ou xubilados, que non se teñan desenvolvido nas rías galegas iniciativas como a que están a levar a cabo en Pasai Donibane a axencia de desenvolvemento comarcal “Oarsoaldea” e a Asociación “Albaola” coa creación do asteleiro”Ontziola”, experiencia que tivo un éxito chamativo non só polo volume de réplicas de embarcacións tradicionais construídas, o número de postos de traballo xerados e o volume de propostas de carácter sociocultural acometidas, mais tamén pola relevancia mediática das súas actividades e a dinamización do turismo cultural naquela

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

localidade debido aos milleiros de visitantes das súas instalacións, onde se traballa cara o público. E tamén sorprende que a penas ningún concello do litoral galego considerara de interese adquirir antigas embarcacións de pesca representativas da cultura marítima local xa obsoletas para aquela actividade, coa finalidade de rehabilitalas para novos usos de carácter representativo, sociocultural e medioambiental, mediante a creación de Talleres de Emprego ou Escolas Obradoiro: os exemplos do Concello de Burela, que creou unha fundación para converter en pequeno museo a flote o boniteiro "Reina del Carmen", e o Concello de Cariño, que salvou a derradeira tarrafa en activo daquel porto para exercer como aula do mar, son a excepción asimilada máis unha vez a outros axuntamentos do País Vasco caso de Lekeitio, Bermeo ou Pasaia.

### **Coda**

Como conclusión, e tendo en conta as experiencias semellantes levadas a cabo noutros países e a propia singradura do asteleiro "Ontziola", a carpintería de ribeira pode ser un activo patrimonial que exerza como catalizador de proxectos que atendan ás vertientes económica, cultural e formativa, xerando riqueza e postos de traballo mediante a valoración dos aspectos identitarios e patrimoniais. Nestes proxectos, se poderían considerar tres eixos a desenvolver:

- a. A activación económica e turística, baseada na reparación/rehabilitación de embarcacións de interese patrimonial, a construción de réplicas das mesmas, ou a elaboración de diversos produtos artesanais (cordelería e velaría, sen ir máis lonxe); unhas actividades que permitan, ademáis, desenvolver programas de animación: traballo cara o público, actividades de turismo náutico, coñecemento do bosque e dos diversos tipos de madeiras, etc.

Acciones cofinanciadas por el Fondo social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000 - 2006

- b. Un enfoque educativo e de formación, coa vista posta na conservación e transmisión do “saber-facer” dos mestres carpinteiros, así como da navegación tradicional.
- c. A dinamización cultural, coa habilitación de lugares de encontro para os amantes da cultura marítima e da construción naval en madeira e a creación de polos de recursos (objectos, ferramentas, documentos, testemuñas orais....relacionados coa construción naval), que permitan a programación de exposicións e o deseño de espazos de interpretación a compartir entre os axentes e persoas interesadas.

En definitiva, este é un campo no que practicamente todo está por facer en Galicia.

Dionísio Pereira